

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de marzo de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e dous minutos do día trinta e un de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penale, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(381).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(382).- SELECCIÓN DO PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO NO PROGRAMA "VIGO EMPREGA"- 2ª QUENDA 2015. EXPTE. 11569/77.

Visto o informe xurídico do 23.03.15, o informe de fiscalización do 27.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.03.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A concellaría de Emprego, ven promovendo o emprego no municipio, a través de distintos programas de inserción e busca de emprego. Prestando especial atención aos colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente. Tratando de incidir directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención implementados por esta concellería, entre os que destacamos: as accións de mellora da empregabilidade; mellora a calidade do emprego; promoción dunha maior seguridade no traballo e redución da siniestralidade; fomento do emprendemento, a economía social e a mellora das relacións laborais.

Neste contexto, o Concello de Vigo, continuará no marco do Plan Municipal de Emprego co Programa VIGO EMPREGA, enmarcado nos orzamentos municipais, que permitirá a adquisición de experiencia profesional e formación, de numerosas persoas desempregadas que precisan nestes momentos, unha axuda para reintegrarse ao mercado laboral, no ámbito da construción e máis concretamente, en actuacións que teñen que ver coa realización de obra pública..

Esta concellaría continuará coa mellora dos aspectos deficitarios detectados en anos anteriores, á vez que racionalizar os seus procedementos e mecanismos de acceso. Este programa está baseado na realización de obras e servizos de interese municipal a través da contratación de persoas desempregadas de Vigo con maior necesidade social. As persoas candidatas prioritariamente pertencen á colectivos con maiores dificultades de inserción sociolaboral.

Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección da anterior convocatoria, e as persoas candidatas a ser seleccionadas foron remitidas previa solicitude do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego ás oficinas de Servicio Público de Galicia en Vigo, unha vez realizado un sondeo conforme aos criterios establecidos nos impresos de demanda de emprego enviados.

O importe total da convocatoria foi fiscalizado pola Intervención Municipal o 27/01/2015, nos RC Núm. Operación: 201500005585 e Núm. Operación: 201500005589.

A composición da comisión de selección que se propón, foi informada favorablemente polo Secretario Municipal, polo que salvo mellor criterio a súa composición reúne os criterios de imparcialidade, capacidade e cualificación técnica necesarias para o exercicio das súas funcións tal e como obriga o art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

Se abonarán asistencias aos membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

Coa finalidade de clarear a metodoloxía que deberá utilizar a comisión de selección na de candidatos beneficiarios do programa Vigo Emprega 2015 , a comisión de selección na fase da entrevista deberá ter en conta as aptitudes, elementos a valorar principalmente os seguintes:

- O interese amosado polo posto de traballo.*
- A actitude e o método utilizado na búsqueda activa de emprego.*
- A argumentación dada relativa á importancia da prevención de riscos laborais.*
- O comportamento que tería como responsable dun grupo de persoas traballadoras.*
- A capacidade relativa ao posto a desenvolver.*
- As súas expectativas laborais relativas ao posto de traballo.*
- A súa predisposición e competencia de cara á formación das persoas ao seu cargo.*

Na fase da proba práctica realízanse diferentes exercicios valorados pola comisión de selección e en colaboración de técnicos municipais que facilitan a realización, supervisión e valoración das mencionadas probas, relacionadas todas elas coas funcións e tarefas da profesión relacionada co posto ofertado, e anéxanse copias dos exercicios realizados para os postos de Capataces e Oficiais de oficios.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a selección de persoas candidatas na convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces beneficiarios/as, do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2015, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar as seguintes Comisión de Selección do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2015:

α) Selección de Peóns beneficiarios/as:

- **Presidente:** Francisco J. Gutiérrez Orúe
Xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
Diplomado en Relacións Laborais
- Suplentes:** Albino Rodríguez Ferreira
Xefe da Unidade de Recursos e Programas
Licenciado en económicas e empresariais.
Alfonso Berros Perez
Xefe de servizo do Parque Móbil Municipal
Enxeñeiro Técnico Industrial

- **Secretario/a:** Lucio Varela Borreguero
Técnico de admón xeral Concello de Vigo
Licenciado en Dereito
- Suplente:** Antonio Vivero Nijares
Xefe de Área na xefatura de Seguridade e mobilidade
Licenciado en Dereito

- **Vogais:** Juan Zaragoza Bastos
Inspector de obras Participación cidadá.
Diplomado en Relacións Laborais
Jose Antonio Comesaña Davila
Oficial condutor no Parque Móbil Municipal
Diplomado en Graduado Social
Guillermo Lorenzo Carrera
Oficial de Instalacións municipais.
Bachelarelato

- Suplentes:** Purificación Bernárdez Martínez
Administrativa
FP11
José R. Otero Fernández
Delineante en Xerencia de urbanismo servizo de licencias de obra
Delineación
Adolfo Rodríguez López
Xefe de equipo de cemiterios.
Bachelarelato superior
Primitivo Calles Santos
Oficial de oficios en Vías e Obras
Estudios primarios

β) Selección de Capataces e Oficiais beneficiarios/as:

- **Presidente:** Francisco J. Gutiérrez Orúe
Xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Diplomado en Relacións Laborais

- Suplentes: *Albino Rodríguez Ferreira*
Xefe da Unidade de Recursos e Programas
Licenciado en económicas e empresariais.
Alfonso Berros Perez
Xefe de servizo do Parque Móbil Municipal
Enxeñeiro Técnico Industrial
- *Secretario/a: Lucio Varela Borreguero*
Técnico de admón xeral Concello de Vigo
Licenciado en Dereito
Suplente: Antonio Vivero Nijares
Xefe de Área na xefatura de Seguridade e mobilidade
Licenciado en Dereito
 - *Vogais: Juan Zaragoza Bastos*
Inspector de obras en Participación Cidadá
Diplomado en Relacións Laborais
Francisco José García Soto
Oficial de oficios en Educación
Formación Profesional I
Juan Ramón López Rivera
Oficial de Oficios en Vías e Obras
Graduado Escolar
Suplentes: Alfonso Conde Rodríguez
Capataz Montes, Parques e xardíns
EXB
Ramón Vázquez Pazó
Oficial condutor parque móbil municipal
Federico Rodríguez Prieto
Capataz de Vías e Obras
Bacharelato e COU

2.- Os membros da Comisión de selección de personal do programa "Vigo emprega", percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal.

3.- Anular todos os actos e acordos adoptados pola Comisión de Selección nomeada con data 23/02/2015, e que se recollen no expediente 11569/77 de "SELECCIÓN DE PERSOAL TRABALLADOR BENEFICIARIO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" 2ª CONVOCATORIA 2015".

4.- As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do programa "Vigo Emprega" 2ª quenda 2015, iniciarán as súas funcións coa realización das entrevistas e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local, conforme as "Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa de emprego "Vigo Emprega".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.